



ACTA N°2/2018

A Xunta Electoral da Federación Galega de Atletismo, en reunión celebrada o día 21 de agosto de 2018.

Despois de recibir as candidaturas , establece que a recepcionada por Eustorgio Martín Teijeiro atópase fóra de prazo, xa que foi remitida a esta Xunta electoral mediante o seguinte contacto: xuntaelectoral@atletismo.gal ás 16:52 horas, finalizando o prazo a ás 14:00 h, segundo o disposto no artigo 19.3 do Decreto 16/2018 do 15 de febreiro, publicado no DOGA número 34 do venres 16 de febreiro de.2018 polo que se establecen as bases e os criterios para a elaboración dos regulamentos electorais nas federacións deportivas galegas.

A Xunta Electoral acorda non aceptar a candidatura de Eustorgio Martín Teijeiro no estamento de xuíces, por presentar a candidatura fóra do prazo estipulado.

Conforme ao disposto no Regulamento Electoral aprobado pola Xunta de Galicia e ao Decreto 16/2018 do 15 de febreiro de 2018 publicado no DOGA, contra esta resolución poderá formularse reclamación ante a Xunta Electoral nos prazos indicados no Calendario Electoral (22, 23 e 24 de agosto).

Rocío López Schmidt

Secretaria da Xunta Electoral